

Acta número 2/2008, da Comisión de Persoal.

Asistentes:

POLA ADMINISTRACIÓN.

Presidenta

María del Mar Rodríguez Fernández

Secretario

Víctor Gallego Vincent

Presidencia da Xunta de Galicia

Eva Sanín Mariño

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Manuela Guillán de Dios

C.Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Santiago Roura Gómez

C. Economía e Facenda.

Luis E. Araujo Rodríguez

M^a Dolores Rodríguez Amaya

C. Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Luis Vázquez Rodríguez

Juan S. López Lagares

María Chas de la Calle

C. Innovación e Industria

José Carlos Fagín Taboada

C. Cultura e Deporte

Carlos Amoedo Souto

C. Pesca e Asuntos Marítimos

Miguel A. López Sieiro

C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

M^a Lourdes Batán Aira

C. de Traballo

José Vázquez Portomeñe

Polas Organizacións Sindicais

CIG

Manuel Gallardo Canitrot

CC.OO

Pablo Cutrín Garrabal

Oscar Briones Gamarra

UGT

José Francisco Núñez Rodríguez

Antonio Pais Andrade

CSI-CSIF

José Carlos García Bouzas

Álvaro Fernández Baamonde

En Santiago de Compostela, sendo as trece horas do día 30 de xaneiro do ano dous mil oito, reúnense en sesión ordinaria no salón pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal segundo a seguinte orde do día:

Punto Primeiro: Lectura e aprobación, se procede das actas 15/2007 e 1/2008, correspondentes ás sesións anteriores.

O representante de CSI-CSIF manifesta que polo seu sindicato tamén acudiu Carmen Noia Castro á xuntanza da comisión do día 9 de xaneiro.

Coa anterior observación apróbanse por unanimidade as actas 15/2007 e 1/2008 correspondentes ás sesións anteriores.

Punto segundo: Acordo sobre os criterios e actuacións a realizar en desenvolvemento do artigo 28 da Lei da Función Pública de Galicia.

O representante de CSI-CSIF manifesta.

Que solicitan a adhesión ao acordo presentado nesta mesa, suscrito pola

administración e os sindicatos CIG, CCOO e UGT, mediante escrito presentado por rexistro o día de onte do que se entrega unha copia ao secretario da comisión ao finalizar a mesma. Entenden que no primeiro concurso de traslados derivado deste acordo poderán participar os funcionarios que agora están pendentes da resolución do concurso de traslados que está a piques de rematarse.

A directora xeral da Función Pública expón que se se adhiren ao acordo deberá ser nos termos establecidos no mesmo sen impor ningunha condición ao mesmo.

O representante da CIG manifesta.

Que acepta a petición de CSI-CSIF para salvagardar a unidade sindical pero que o sindicato se debe adherir nos termos establecidos no acordo.

O representante de CCOO manifesta.

Que era mellor que o acordo viñese a esta comisión antes de asinarse co Conselleiro, que entenden que o documento é un paso mais para mellorar a administración. Non teñen inconveniente en que se adhira CSI-CSIF.

O representante de UGT manifesta.

Que non teñen inconveniente en que se adhira CSI-CSIF.

A directora xeral da Función Pública expón que se aproba o acordo pola comisión de persoal así como a petición de adhesión ao mesmo por CSI-CSIF.

Punto terceiro.:proposta de suspensión provisional relativa aos funcionarios da Consellería de Pesca e asuntos marítimos: D. Julio Rodríguez Bona, D. Antonio Rodríguez Ocampo, D^a María José López Rodríguez , director, secretario e xefa de estudos respectivamente, da escola oficial náutico pesqueira de Ferrol.

O representante da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos fai un relatorio dos feitos que levan a proposta de suspensión provisional dos funcionarios sinalados.

Preguntado o parecer das OOSS estas manifestan que non hai nada mais que sinalar.

Punto Cuarto.: Rogos e preguntas.

Non hai nin rogos nin preguntas.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás quince horas vinte minutos do día sinalado supra.

VISTO E PRACE
A PRESIDENTA

DOU FE
O SECRETARIO

Asdo.: M^a del Mar Rodríguez Fernández

Asdo.: Víctor Gallego Víncent.

Anéxase documento de adhesión de CSI-CSIF relativo ao punto segundo da orde do día.